

PROXECTO CREACIÓN DUN CAMIÑO ESCOLAR “CORRECAMIÑOS”

IES DO BARRAL

O obxectivo do noso proxecto era a creación dun camiño escolar seguro que solucionase os problemas de acceso ao noso centro, pero que tamén servise de punto de encontro e reunión cos compañeiros e amigos.

Organizamos o traballo en tres fases: fase inicial, fase de diagnose e fase de elaboración da nosa proposta.

Na fase inicial, traballando en pequenos grupos e facendo unha posta en común final, decidimos que elementos debería ter un camiño escolar seguro. Unha vez que sabiamos cales eran os nosos obxectivos, organizámonos varias comisións de traballo (enquisas, plataforma dixital, documentación gráfica, itinerarios, deseño de logo e nome) que se ocuparían de distintos aspectos do proxecto.

Na fase de diagnose encargámonos de analizar a mobilidade actual, elaborar mapas, identificar os principais problemas e ver cales serían os itinerarios desexables. A comisión de traballo encargada da enquisa elaborou unha enquisa utilizando un formulario dixital. Dita enquisa foi cuberta pola práctica totalidade do alumnado do centro. Na enquisa recabamos información para coñecer a mobilidade dos nosos compañeiros e recolleamos propostas para o noso camiño. Tamén nesta fase, axudándonos de ortofotos, marcamos os itinerarios desexables, as zonas de interese e lugares de recreo ou reunión. Tiramos fotos de diferentes camiños do noso contorno e sobre as mesmas marcamos os aspectos negativos e fixemos propostas de mellora. Por último, reflexionamos sobre os posibles itinerarios que podería ter o noso camiño escolar e as súas características (pavimento, medidas, carril bici, carril peonil, bancos, farolas, vexetación a conservar..).

Paralelamente a realización deste traballo, a comisión de deseño dunha imaxe para o camiño escolar crearon varios bosqueños para o logo e varias ideas sobre o nome. Debatéronse todas as propostas, fixéronse varias achegas para modificar algunha das propostas, e finalmente realizouse unha votación para elixir o nome e o logo.

Na fase de elaboración, os distintos grupos de traballo encargáronse de deseñar un tramo do camiño, tendo en conta toda a información recollida nas fases anteriores. Todas as ideas foron reflectidas en distintos bosqueños, planos e esquemas nas que se

utilizaron códigos, previamente consensuados, de cores e números para representar os distintos elementos do camiño e se facían postas en común para chegar a acordos que permitiran que os distintos elementos do camiño tiveran continuidade.

Ao mesmo tempo que se deseñaba o camiño por tramos, un grupo de traballo encargouse de facer unha maqueta do proxecto, incorporando todos os elementos propostos polas distintas comisión de traballo.

Todas estas actividades e documentación foi subida a unha plataforma dixital (Padlet).

Para rematar, a finais de xuño, xa co curso rematado, fixemos unha presentación pública do proxecto na sala de plenos do concello de Ponteareas coa presenza do alcalde que se comprometeu a que os técnicos do concello estudarían o proxecto e comezarían no menor tempo posible algunha actuación sobre o camiño escolar proposto. Todo o material gráfico (planos, bosquejos e maqueta) foi entregado ao concello).

Ponteareas, 1 de xuño 2017